



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE 2018
EXPEDIENTE: 2018/G010/000004

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela
Alberto Seoane Brandariz
Gustavo Manuel Quindimil Gómez
Francisca Bestilleiro Roel
Marcos Zapata Díaz
José María Caamaño Nogueira
Luís Constante Freire Pérez de Juan

Fátima Insua López
Roberto Gómez Lesta
María Ángeles Vilas Pedreira
Francisco Javier Rodríguez Souto

Francisco Javier Niño Ricoy

Escusan a súa ausencia:

Secretario

Adrián J. Márquez Caramés

Interventor accidental

José Antonio Varela Doval

En Abegondo, ás nove horas e trinta e un minutos do día trinta e un de xullo de dous mil dezaioito e previamente convocados, reúnense en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente José Antonio Santiso Miramontes, e asistido do secretario Adrián J. Márquez Caramés, os concelleiros na marxe expresados co obxecto de celebrar sesión ordinaria.

Logo de comprobar que asisten o número suficiente para a válida constitución, o Sr. Alcalde-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é a seguinte:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTAS DA SESIÓN ANTERIOR

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente consultou aos concelleiros se desexan facer algunha observación á acta de data 29.05.2018 que estaba pendente de aprobar.

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria a Corporación Municipal acordan a aprobación da acta todos os membros presentes.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE MC 10/2018. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON SUPERÁVIT ORZAMENTARIO.

Dáse conta dunha proposición presentada pola Alcaldía que dí:

ASUNTO: EXPTE MC 10/2018. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON SUPERÁVIT ORZAMENTARIO.

EXPEDIENTE: 2018/X999/000196 E 2018/G006/000060

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Providencia de Alcaldía de data 16 de xullo de 2018 para o inicio do expediente de modificación de créditos por suplemento por importe de 184.323,74.- euros financiado con cargo ao superávit orzamentario.

SEGUNDO. Memoria de Alcaldía de data 16 de xullo de 2018, xustificativa da modificación a realizar, indicando as aplicacións orzamentarias de gasto afectadas; o medio de financiación do suplemento de crédito; o carácter específico e determinado do gasto; a insuficiencia de crédito nas partidas que se van complementar para a imputación dos gastos obxecto deste expte.

TERCEIRO. Informe de intervención de data 17 de xullo no que se pon de manifesto: que se cumpren os requisitos do TRLFL, así como o órgano competente para a aprobación do expte.

LEXISLACIÓN APLICABLE



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- -Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réximen Local.
- -RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto Refundido dá Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- -Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.
- -Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2018.
- -Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (LOEPSF)

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. A normativa reguladora das facendas locais permite efectuar modificacións no orzamento inicialmente aprobado, sempre e cando se cumpra cos requisitos que esixe a citada normativa.

Entre as modificacións previstas figura o crédito suplemento de crédito, que procede cando se deba realizar algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e o crédito ao que debe imputarse sexa insuficiente ou non ampliable.

SEGUNDA. O artigo 177 do TRLRFL, o artigo 36 do RD 500/1990 e as bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2016 establecen que os suplementos de crédito poderán financiarse indistintamente con algún dos seguintes recursos:

- remanente líquido de tesourería, calculado conforme ao disposto nos artigos 101 a 104 do RD 500/90
- novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos
- anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas, e cuías consignacións se estimen reducibles sen perturbación do servizo.
- exclusivamente, e só cando se trate de gastos de investimento, ademais dos medios anteriores, tamén poderá financiarse con recursos procedentes de operacións de endebedamento.

TERCEIRA. No expte MC 10/2018 propónse a financiación con cargo á incorporación do superávit orzamentario manifestado polo remanente de tesouraría para gastos xerais conforme ao sinalado na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

CUARTA. O procedemento de tramitación, será o establecido na Base 9: Cando deba realizarse algún gasto que non se poida demorar até o exercicio seguinte e non exista crédito ou o consignado sexa insuficiente, a Alcaldía poderá incoar e propor un expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito que deberá ser aprobado polo Pleno, previo informe do Interventor e ditame da Comisión Informativa correspondente, e tramitado cos mesmos requisitos que os sinalados na Lei para a aprobación do orzamento:

- aprobación inicial polo Pleno da Corporación
- exposición pública por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP, durante o cal os interesados poderán presentar reclamacións, que deberán ser resoltas polo Pleno no prazo dun mes.
- no caso de non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, o expte considérase definitivamente aprobado, debendo publicar anuncio definitivo no BOP cun resumo por capítulos do estado de gastos do Orzamento 2018 coa modificación proposta.

Na Memoria de Alcaldía que consta no expediente xustifícase esta modificación pola insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias do estado de gastos para atender necesidades relativas aos gastos de investimento:

Instalación de cuberta desmontable no centro social de Meangos	25.400,00 euros
Extensión de rede de saneamento en Trasiglesia – Crendes (AB-0083; AB-0084)2	24.479,74 euros
Mellora da envolvente e redistribución local social Sarandos segunda fase	134.443,76 euros



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

QUINTA. O informe de intervención de data 17 de xullo de 2018, sinala que se cumpren os requisitos legais para a tramitación do expte MC 10/2018 de crédito suplemento de crédito por importe de 184.323,74 euros, coa finalidade e detalle previstos na Memoria que acompaña a este expte. Acredítase ademais que se cumpren os requisitos da DA 6ª da LOEPSF para a aplicación das regras especiais para o destino do superávit: capacidade de financiación e RLT positivos, débeda viva < 110%, PMP= 0,47 días, e que os investimentos propostos son financeiramente sostibles según informes técnicos e memoria de alcaldía.

SEXTA. Unha vez realizada a tramitación legalmente establecida e conforme establecen os artigos 169 e seguintes do TRLRFL e 18 do RD 500/1990, correspóndelle ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expte MC 10/2018 de suplemento de créditos.

Esta Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a corrección do sumatorio do expediente de transferencia de créditos MC 7/2018, que responde ao seguinte esquema:

Cápítulos	CD antes expte	Transferencia +/-	CD resultante
Total	5.773.257,14.-	0.-	5.773.257,14.-

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 10/2018 de suplemento de crédito, que responde ao seguinte esquema:

- Partidas que se suplementan:

Partida	Consignación antes expte	Incremento	Total	Finalidade
160/61900	12.000	24.479,98	36.479,98.-	Saneamento Tras da Igrexa Crendes
933/63203	238.097,82	159.843,76	397.941,58.-	Rehabilitación Sarandós e Meangos
TOTAL SUPLEMENTO		184.323,74		

- Recurso financeiro:

FINANCIACIÓN	
Remanente líquido da Tesourería	184.323,74.- euros.-
Novos ou maiores ingresos no Orzamento corrente	
Baixas por anulación total ou parcial doutras partidas no Orzamento.	
Operacións de crédito	
IMPORTE TOTAL RECURSOS FINANCIACIÓN	184.323,74.- uros

Coas modificacións propostas, o resume por capítulos do estado de gastos do Orzamento de 2018 quedaría como segue:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

CAPÍTULOS	CD antes expte	Tranferencias +/-	CD resultante
1.- Remuneracións de persoal	1.411.728,98.-		1.411.728,98.-
2.- Compra bens correntes e serv.	2.028.115,39.-		2.028.115,39.-
3.- Intereses	4.200.-		4.200.-
4.- Transferencias correntes	572.511,20.-		572.511,20.-
6.- Inversións reais	1.756.701,57.-		1.941.025,31.-
7.- Transferencias de capital	-		-
8.- Variación activos financeiros	-		-
9.- Variación pasivos financeiros	-		-
TOTAL	5.773.257,14	0	5.957.580,88.-

TERCEIRO.- Ordenar a publicación no taboleiro de anuncios da Corporación, así como no BOP de A Coruña, do acordo de aprobación inicial, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do TRLRFL, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación. Publicar no BOP a corrección do sumatorio do expediente de transferencia de créditos MC 7/2018

CUARTO.- Entender definitivamente aprobada a presente modificación, sen necesidade de novo acordo plenario, se durante o período de exposición pública non se presentan reclamacións, entrando en vigor unha vez sexa publicado no BOP o resumen por capítulos do estado de gastos do Orzamento de 2018 coas modificacións propostas.

Logo da explicación do alcalde, e non habendo debate, procedese á votación da proposta presentada co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan)

Votos en contra: 0

Abstención: 5 Francisco Javier Niño Ricoy, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

3. ADHESIÓN, SE PROCEDE, Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP

Dáse conta dunha proposición presentada pola Alcaldía que dí:

ASUNTO: PROPOSTA ADHESION CENTRAL CONTRATACIÓN FEMP

EXPEDIENTE: 2018/X999/000169 E 2018/G006/000059

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Concello de Abegondo conta con varias subministracións de enerxía eléctrica correspondentes á rede de iluminación pública, bombeos e edificios e instalacións municipais, enerxía que é subministrada por diferentes empresas do sector.

Mediante providencia da Alcaldía de data 21/06/2018 dispúxose que os departamentos responsables da contratación



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

realizasen a tramitación necesaria para adherirse á Central de Contratación da FEMP e iniciar a licitación da contratación dos servizos de enerxía eléctrica.

SEGUNDO. A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno de 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao abeiro do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, conforme á redacción dada a esta polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

SEGUNDA. A entidade local Concello de Abegondo está interesada na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no artigo 228 da referida Lei 9/2017 e sendo de interese para esta entidade a utilización da Central de Contratación da FEMP, o órgano competente (Pleno) da Entidad local (Concello de Abegondo) **PROPÓN** a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO. Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das entidades locais.

TERCEIRO. Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos oportunos.

Non habendo debate, procedese á votación da proposta presentada co seguinte resultado:

<p>Votos a favor: 12 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)</p> <p>Votos en contra: 0</p> <p>Abstencións: 1 (Francisco Javier Niño Ricoy)</p>
--

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL 2017

Dáse conta dunha proposición presentada pola Alcaldía que dí:

ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDIA CONTA XERAL 2017

EXPEDIENTE: 2018/X999/000195 E 2018/G006/000058

Visto o expediente que se tramita para a aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello de Abegondo, correspondente ao exercicio económico 2017, no que consta: informe favorable da Comisión Especial de Contas, de data 26 de maio de 2018; informe de Intervención; anuncio de exposición pública no BOP nº 112, de data 14 de xuño de 2018, e que comprende tódalas operacións levadas a cabo durante o exercicio de referencia, tanto orzamentarias como independentes e auxiliares, patrimoniais e de tesourería, tal como determina o artigo 208 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais, co seguinte contido:

1) BALANCE DE SITUACION: 21.898.426,92 euros (activo e pasivo).

2) CONTA DE RESULTADOS:

- a) Ingresos de xestión ordinaria: 4.169.162,59 €
- b) Gastos de xestión ordinaria: 3.255.880,55 euros
- I. Resultado (aforro) da xestión ordinaria: 913.282,04 €
- II. Resultado das operacións non financeiras: 913.092,40 €
- III. Resultado das operacións financeiras: 16.212,10 €
- IV. Resultado (aforro) neto do exercicio: 929.304,50 €

3) ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:

RESULTADO ORZAMENTARIO	
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. DRN por operacións correntes (cap. I a V)	3.988.072,58
b. DRN por operacións de capital (cap. VI e VII)	407.728,86
1. Total dereitos recoñecidos netos por operacións non financeiras	4.395.801,44
c. DRN por activos financeiros	0,00
d. DRN por pasivos financeiros	225.779,91
2. Total dereitos recoñecidos netos por operacións financeiras	225.779,91
Total dereitos recoñecidos	4.621.581,35
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. ORN por operacións correntes (cap. I a IV)	3.204.787,07
b. ORN por operacións de capital (cap. VI e VII)	813.958,56
1. Total obrigas recoñecidas netas por operacións non financeiras	4.018.745,63
c. ORN por activos financeiros	0,00
d. ORN por pasivos financeiros	0,00
2. Total obrigas recoñecidas netas por operacións financeiras	0,00
Total obrigas recoñecidas	4.018.745,63
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	602.835,72
AXUSTES	
4. Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	5.068,16
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio	286.943,18



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

6. Desviacións de financiación positivas do exercicio	554.554,28
II. TOTAL AXUSTES (3+4-5)	-262.542,94
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)	340.292,78

4) MEMORIA: contén entre outros o estado do remanente líquido de tesourería:

REMANENTE DE TESOURERÍA	
1. Fondos líquidos	649.913,43
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	362.563,15
2.a. de orzamento corrente	343.440,68
2.b de orzamentos pechado	1.344,90
2.c de operacións non orzamentarias	17.778,07
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	123.518,46
3.a. de orzamento corrente	23.752,14
3.b. de orzamentos pechados	0,00
3.c. de operacións non orzamentarias	99.766,32
4. Partidas pendentes de aplicación (4.b – 4.a)	2.578,18
4.a cobros realizados pendentes de aplicación definit	44.040,92
4.b pagos realizados pendentes de aplicación definit	46.619,10
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)	891.536,30
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	632,20
III. EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADO (RLTGFAf)	261.057,79
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)	629.846,31

Proponse que o Concello Pleno adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Prestar aprobación á Conta Xeral do Concello de Abegondo, correspondente ó exercicio económico de 2017, tal como preceptúa o artigo 212.4 do TRLRFL, toda vez que se cumpríu coas formalidades que ó respecto esixen os artigos precedentes do citado corpo legal.

SEGUNDO. Render conta deste acordo ao Consello de Contas da Xunta de Galicia e ao Tribunal de Contas, cumprindo así co disposto no artigo 212.5 do citado TRLRF

Ábrese o debate:

Fátima Ínsua López: Darlle a noraboa á interventora por cumprir e austeridade no gasto e por ir nesa liña.

Alcalde-Presidente: Entón, a contención do gasto a fai a interventora...

Fátima Ínsua López: Neste Concello faise o que dín os técnicos, para o bo e para o malo.

Alcalde-Presidente: A interventora fiscaliza o gasto... se fose así non imos necesitar concelleiros.

Non habendo máis debate, procedese á votación da proposta presentada co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan.)



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [sede.abegondo.es] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Votos en contra: 0

Abstencións: 5 (Francisco Javier Niño Ricoy, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, POS + ADICIONAL 1/2018 POR MAIOR ACHEGA.

Dáse conta dunha proposición presentada pola Alcaldía que dí:

ASUNTO: PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, POS + ADICIONAL 1/2018 POR MAIOR ACHEGA.

EXPEDIENTE: 2018/G006/000061

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista as BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS + ADICIONAL 1/2018 POR MAIOR ACHEGA. ", plan da Deputación provincial da Coruña para o exercicio 2018 que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

Por iso, a finalidade do POS 2018 é dobre: en primeiro lugar a realización de novos investimentos nos concellos contribuíndo con iso a garantir a prestación dos servizos municipais e á reactivación da economía, e en segundo lugar a axuda ao financiamento dos gastos correntes municipais, dado que os concellos teñen menos ingresos para o financiamento dos mesmos ou máis gastos correntes que os pasados anos. Trátase polo tanto, dun plan de marcado carácter excepcional e conxuntural, motivado pola situación actual da economía.

En base ao antedito e a comunicación da Excm. Deputación provincial, elabóranse proxectos de:

- Proxecto reparación de camiños nas parroquias de Vizoño e Meangos
- Proxecto reparación de camiños nas parroquias de Cullergondo e Cos
- Proxecto reparación de camiños nas parroquias de Cos - Limiñón

Contan cos informes técnicos e xurídicos necesarios.

Visto os antecedentes expostos, esta alcaldía propón ao Pleno, a aprobación do seguinte acordo:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS + ADICIONAL 1/2018 POR MAIOR ACHEGA.**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial POS ADICIONAL 1/2018



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00.-	0,00.-	0,00.-
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00.-	0,00.-	0,00.-
Subtotal pago a provedores	0,00.-	0,00.-	0,00.-

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	0,00.-
Subtotal gasto corrente	0,00.-

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración	0,00.-	0,00.-	0,00.-
Subtotal investimentos achega provincial 2018	0,00.-	0,00.-	0,00.-

ACHEGA PROVINCIAL POS ADICIONAL 1/2018 (Investimentos "financeiramente sostibles")		Financiamento do investimento		
Denominación da obra	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Proxecto reparación camiños nas parroquias de Vizoño e Meangos	153	36.830,91.-	0,00.-	36.830,91.-
